

2ª CARRERA POPULAR GALIEXPO RUNNING. 5K-10K

ORGANIZA:

Galiexpo S.L.

COLABORA:

Concello de Vigo

REGULAMENTO



1 – DATA E LUGAR:

Domingo 03 de Febreiro de 2019 no IFEVI (Vigo).

As carreiras de 5k e 10k saen xuntas ás 11:30 horas.

2 – PERCORRIDOS :

A 2ª Carrera Popular GALIEXPO RUNNING sairá e recorrerá o interior do Salón, continuará con un percorrido de 5K-10K por zonas próximas ao Recinto Feiral de Vigo (IFEVI) e voltará ao interior do Salón, onde se realizará a entrega de Trofeos.



3– CATEGORÍAS:

10K (11.30 h):

MASCULINO E FEMENINO

- CADETE: 2004 - 2005
- XUVENIL: 2002 - 2003
- XUNIOR: 2000 - 2001
- PROMESA: 1997 - 1999
- SENIOR: 1996 ata veteráns
- VETERANOS/AS M35 - F35: 35 a 39 anos cumpridos o día da proba
- VETERANOS/AS M40 - F40: 40 a 44 anos cumpridos o día da proba
- VETERANOS/AS M45 - F45: 45 a 49 anos cumpridos o día da proba
- VETERANOS/AS M50 - F50: 50 a 54 anos cumpridos o día da proba
- SUPERVETERANO/A: 55 anos cumpridos o día da proba e posteriores

5K (11:30):

Establécese unha única categoría absoluta masculina e feminina para a proba de 5 Km.

4 – INSCRIPCIÓN:

Abrirase un período de inscrición que rematará o mércores día 30 de xaneiro. Dita inscrición realizarase en www.championchipnorte.com

A cuota de inscrición para as carreiras absolutas, tanto de 5k coma de 10k é de 8€ + 1€ de aluguer de chip para non propietarios.

A inscrición dá dereito a participar na proba, seguro de responsabilidade civil e de accidentes así como facer uso de todos os servizos establecidos pola Organización para os participantes. Nas carreiras de 5k e 10k haberá camiseta técnica coa imaxe do evento para todos os inscritos. Todas as carreiras disporán de avituallamiento o finalizar, e na carreira de 10k disporán de avituallamiento no km 5.

As probas serán cronometradas por chip, o cal deberase levar obrigatoriamente colocado na zapatilla ou no nocello. Os propietarios de chip ChampionChip, deben participar obrigatoriamente con él.

Non se admitirá a cancelación da inscrición nin se devolverá o custo da mesma por motivos axenos a organización.

5 – TROFEOS E PREMIOS:

Trofeo para os tres primeiros homes e tres primeiras mulleres da xeral das carreiras de 5k e 10k.

Medalla para os tres primeiros de cada categoría da carreira de 10k.

Os premios son no acumulativos.

6- ENTREGA DE DORSAIS.

O día 2 de Febreiro de 10:00 a 22:00 en DECATHLON VIGO e o 3 de Febreiro de 09:30 a 11:00 no IFEVI (Vigo).

7- CRONOMETRAXE

- O cronometraxe electrónico será realizado por CCNORTE.
- Todas as probas poderánse seguir en vivo na web oficial e na web www.resultados.live
- O atleta deberá portar o chip entrelazado nos cordons da zapatilla ou no nocello.

8 – SERVICIOS AO ATLETA

A organización disporá de servizo de duchas e vestiarios no IFEVI. Tamén terán disponibles as duchas do Pavillón de Mos.

Avituallamiento líquido e sólido ó finalizar.

Servicio de gardarroupa.

Bolsa do corredor.

**DÚAS ENTRADAS GRATIS POR INSCRIPCIÓN PARA OS SALÓNS GALIEXPO
BIKE&RUNNING E MOTORSHOW**

Ao finalizar, Chocolate con churros e ademáis...

PASA UN DIA INOLVIDABLE NO IFEVI!!!

9 –NORMAS DE COMPETICIÓN:

Non estará permitido o acompañamiento dos participantes mediante o uso de vehículos de axuda. Non cumprir esta norma implicará a descualificación dos atletas acompañados.

O dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do corredor/a, sen poder facer ningunha modificación neste.

Dado o espírito deportivo e popular desta proba non se admitirán reclamacións.

A participación leva implícita a aceptación do regulamento da proba.

A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes.

A organización da proba resérvase a facultade de decidir sobre calquer aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.